

O Colexio da Asunción iniciou as actividades na vila de Sarria, no ano 1965. Dende entón, ininterrompidamente, presta o servizo educativo ás familias desta localidade, polo que o centro xa forma parte da sociedade sarriá e da súa zona de influencia.

O “CPR Plurilingüe da Asunción” é un centro concertado en todos os seus niveis (EI, EP,ESO) e segundo o seu Carácter Propio, é un centro católico, aberto a todos e especialmente ós que máis o necesitan. A finalidade do Colexio da Asunción é a educación integral para formar homes e mulleres capaces de colaborar na consecución dunha sociedade máis xusta, en concordancia cos valores cristiáns.

O centro ademáis oferta servizos como garda, comedor ou actividades extraescolares, que axudan ás familias na conciliación familiar e laboral.

Ademais disto, o centro colabora con diferentes institucións en todo tipo de actividades organizadas polas mesmas, coa participación en concursos, campañas ou calquera outra actividade de interese.

A relación coa Administración Municipal, Provincial e Autonómica é permanente e coa vontade de máxima colaboración nas diferentes actividades promovidas por elas.

Por outra banda, tentamos potenciar a formación permanente do profesorado, ben con cursos a nivel interno (xestionados no propio centro ou a través da Institución), con outras entidades, e tamén en colaboración coa Administración Educativa a través dos CEFORE ou na forma en que sexa requerida.

Así mesmo, o centro participa en plans e proxectos pedagóxicos, a parte dos fixados por lei, que repercutan na formación do alumnado e entre os que cabe salientar:

- Centro Plurilingüe recoñecido pola Consellería de Educación
- Centro autorizado con “Seccións Bilingües” e “Aulas Plurilingües” en inglés na materia de Educación Plástica e proxectado para Educación Física en Educación Primaria.
- Centro autorizado para a contratación dunha “Auxiliar de Conversa” nativa en lingua inglesa.
- Centro examinador do “Trinity College” para a obtención de certificados nos distintos niveis de coñecemento do Inglés.
- Promoción de programas e viaxes con inmersión lingüística, para a mellora das linguas estranxeiras (francés e inglés).

- Proxecto de Fomento do uso do galego dos EDLG.
- Obtención de axudas para o alumnado con NEE, concedidas a través da Consellería de Educación.
- Participación no Proxecto “Voz Natura” cun Horto Escolar.
- Participación no Programa “Deporte Escolar”.
- Participación no Programa de Prensa-Escola.
- Centro asociado ao Proxecto “Climántica”.
- Participación en programas do “Plan Proxecta” da Consellería de Educación (Clases sen fume, Consumópolis, Recíclate, Parlamento Xove...)
- Participación en concursos de diversa índole con clara proxección educativa, propostos por distintas entidades e administracións.
- Organización e participación en diferentes festivais, obras de teatro, conferencias, videoconferencias, exposicións, etc...
- Adscrición ao Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade Escolar da Consellería de Educación en colaboración co Ministerio do Interior.
- Inclusión na xestión informatizada de bibliotecas escolares a través do Programa Meiga.
- Participación no proxecto "Webs dinámicas" da Consellería de Educación e Cultura para a mellora e actualización da web do centro.
- Participación no programa de “Alerta Escolar” para a atención médica rápida e eficiente do alumnado con certas patoloxías crónicas.
- Inclusión no Rexistro Unificado de Maltrato Infantil para permitir unha pronta intervención nos casos de maltrato.
- Participación no “Proxecto Abalar” da Consellería de Educación coa informatización integral das aulas de 1º e 2º da ESO e informatización parcial do resto das aulas.
- Organización de actividades de fomento da Cultura e Tradición de Galicia.
- Organización de saídas culturais que axuden a coñecer e comprender o noso entorno e assimilar os conceptos aprendidos na aula.
- Organización e participación en actividades que fomenten a solidariedade cos máis necesitados.

- Admisión de alumnado en prácticas para a obtención de grado en Maxisterio nas diferentes especialidades, colaborando con diferentes Universidades e comprometéndonos así, na formación de novos docentes.
- Dende fai 10 anos o centro está involucrado en sistemas de xestión de calidade chegando a certificarse en ISO 9000 por AENOR. Na actualidade está nun proceso de mellora seguindo as pautas do modelo EFQM.